




UNIVERSIDADE DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA



Vicerrectorado de  
Ordenación Académica e Titulacións  
Colexio de San Xerome  
Praza do Obradoiro, s/n.  
15706 Santiago de Compostela (España)  
Tfno. 981 582 499 • Fax. 981 577 418

No vindeiro curso 1999/2000 comezarase coa implantación da NOVA APLICACIÓN DE XESTIÓN ACADÉMICA (NAXA), realizándose no mes de novembro a matrícula (automatricula) en varios centros dos diferentes Campus: Facultades de Económicas, Física, Matemáticas e Xeografía e Historia, Veterinaria, Escola Universitaria de Empresariais e Sección Delegada da Facultade de Económicas.

Esta nova aplicación informática require, entre outras cousas, modificacións e novos modelos no sistema de traballo, pois un dos principais obxectivos é axilizar tódolos procesos de xestión e mellora-la calidade do servizo que prestamos.


Para iso e cara á automatricula que se realizará no vindeiro curso así como para o entornado da información na nova aplicación é preciso dicta-la seguinte

### INSTRUCCIÓN

1. Nas Unidades de Xestión Académica deberán introducirse nos expedientes informáticos dos alumnos na aplicación de ARKHE os seguintes datos dos alumnos que sexan beneficiarios de familia numerosa: Num. Carné de F<sup>ª</sup>N<sup>ª</sup>, número de irmáns, e data de caducidade do carné de familia numerosa.
2. Ós alumnos que teñan no carné de Familia Numerosa a data de caducidade anterior ás **datas de automatricula : 2, 3, 4 de novembro nos Campus de Santiago e 9, 10, 11 de novembro no Campus de Lugo** deberá enviárselle unha carta ou notificación para que **antes do 24 de xullo** renoven o seu carné e **pasen polas Unidades de Xestión Académica a entrega-la copia da mesma.**
3. Os alumnos con carné de Familia Numerosa vixente non terán que entregar nin mostrar nova copia del, posto que é un dato que xa consta no seu expediente.
4. Será responsabilidade das Unidades de Xestión Académica o manter esta información actualizada, en cada curso académico, informando ós alumnos da súa situación antes da formalización da matrícula.

Santiago de Compostela 20 de maio de 1999

O Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións



Celso Rodríguez Fernández

SR. DIRECTOR DO SEIN, SRA. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO, SRS/A.  
XEFES/A DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA